

Na maioría das obras de construción empregase a electricidade para a utilización das diferentes máquinas e para a iluminación da propia obra.

Aínda que o número de accidentes de traballo acontecidos polo contacto (tanto directo como indirecto) coa corrente eléctrica non é moi alto, a gravidade dos mesmos, no caso de producírense, é bastante alta

Se traballas en liñas en tensión, **RECORDA**

As 5 regras de ouro

Para executar traballos nos que exista risco eléctrico débense seguir estes pasos, **para realizalo traballo con seguridade:**

1



Desconexión.
Corte efectivo

Previr calquera posible realimentación



2

3



Verificar ausencia de tensión

Posta á terra e en cortocircuíto



4

5



Sinalización da zona de traballo

Máis información en:

Manual risco eléctrico no Sector da Construción elaborado pola FLC

Este manual describe conceptos xerais sobre a electricidade e expón os efectos dun contacto eléctrico na persoa exposta. Tamén detalla os compoñentes básicos dunha instalación eléctrica e os requisitos que deben cumprir as instalacións e equipos de traballo para evitalo risco. Ademais, analízanse unha serie situacións habituais en obras de construción, proponendo medidas preventivas, consellos e boas prácticas para minimizar os riscos.

Descarga aquí o manual



Accede a este tríptico e descárgao noutras linguas cooficiais e estranxeiras



www.lineaprevencion.com

Instalacións eléctricas

EN OBRAS DA CONSTRUCCIÓN



Efectos da corrente eléctrica

Electrocución: acontece cando a persoa fina debido ao paso da corrente polo seu corpo.

Fibrilación ventricular: movemento do corazón cun ritmo anormal de funcionamento.

Tetanización: movemento incontrolado dos músculos.

Queimaduras na pel: dependerán da intensidade e do tempo de exposición.

Traballador/a autorizado ou cualificado

En función dos traballos que teña que facer nunha instalación eléctrica, estes deben realizarse por traballadores/as con distintas capacitacións. Pódense distinguir:



- **Persoal autorizado:** é aquel que foi autorizado polo empresario/a para executar determinados traballos con risco eléctrico, en base á súa capacidade para facelos de maneira correcta.
- **Persoal cualificado:** persoa autorizada que pose coñecementos especializados en materia de instalacións eléctricas, debido á súa formación acreditada, profesional ou universitaria, o á súa experiencia certificada de dous ou máis anos.

Medidas preventivas

Evita traballar con instalacións con tensión eléctrica.

Asegúrate que ninguén pode poñer en tensión a instalación na que estás traballando.

Recorda que non se deben “amañar” os cables con cinta illante: non fagas empates.

Non empregues equipos con caravillas ou cables defectuosos.

Comproba que a toma de terra está ben espetada no chan. Se podes, mide a resistencia da mesma.

Mantén os materiais combustibles ou inflamables afastados das fontes de electricidade.

Na medida do posible, evita os cables polo chan. Se non é posible, protéxeos fronte agresións mecánicas.

Se vas a realizar calquera tipo de escavación, comproba que non existen condutores eléctricos soterrados.

Periodicamente, comproba que o interruptor diferencial (dá unha intensidade máxima de 30 mA) funciona correctamente.

Coloca un extintor de CO2 á beira do cadro ou do xerador.

Non debe superarse a intensidade máxima dos cables (varía en función da sección).

Os carretes alongadores deben desenrolarse completamente para traballar á máxima potencia.

No caso de existir liñas eléctricas aéreas, débense instalar pórticos de control de gálibo que limiten o acceso.

Desbota as caravillas deterioradas.

Non empregues elementos eléctricos no exterior se non dispón de IP 45

Recorda que non se deben “amañar” os cables con cinta illante: non lles fagas empates.



Códigos IP e IK

As envolventes dos equipos eléctricos deben levar marcados o que se denominan índices de protección (IP protección contra os sólidos e IK contra os impactos mecánicos)

Código IP

Son dúas cifras diferenciadas. A primeira cifra, en construción, terá un valor mínimo de 4 (protexida contra corpos sólidos de máis de 1 mm) e a segunda cifra un valor mínimo de 5 (protexida contra os chorros de auga) coñécese máis como IP45. Poden existir letras que se engaden como información adicional.